

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O LABORATORIO FERRER INTERNACIONAL, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NO ÁMBITO SANITARIO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o conselleiro de Sanidade, actuando en representación do Servizo Galego de Saúde, e o Laboratorio Ferrer Internacional, formalizaron o 28 de setembro de 2023 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura e durante un período de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o réxime de colaboración das partes para o desenvolvemento das actividades de formación dirixidas aos profesionais que prestan servizos na Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, a desenvolver a través dos correspondentes convenios específicos para cada actividade formativa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e a atención sanitaria. Unha das liñas de actuación consiste no impulso de actividades dirixidas á mellora de aspectos como a educación sanitaria dos pacientes e cidadáns e o bo uso dos medicamentos, a súa adherencia aos tratamentos prescritos, a formación científica dos profesionais sanitarios ou a investigación nestas materias, coa finalidade de mellorar a atención e o servizo de saúde aos pacientes.

Que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento de proxectos que, de calquera forma, poidan mellorar as condicións clínicas e de calidade de vida dos pacientes, así como promover e colaborar en proxectos de investigación e formación dos profesionais que contribúan a mellorar o nivel de competencia profesional.

Tendo en conta o exposto, ámbalas dúas partes consideran necesario o establecemento da súa colaboración para acadar un mellor nivel investigador e de formación, un mellor funcionamento dos servizos sanitarios e unha mellora na saúde da poboación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

María Estrella López-Pardo Pardo.

